

1. Bartolo tiña unha filla
que lle chamaban Leonor
un día estaba cosendo
sentada no corredor.
2. O corredor era vello
tiña aberturas no piso
se de baixo se miraba
víaselle o paraíso.
3. Mais o fillo do estanqueiro
que lle viu a Leonor
marcha como unha centella
pra baixo do corredor.
4. –Tapa esas pernas, Leonor
que se non me engaño, vexo
encima de esa mesota
as orellas ao conexo.
5. Leonor, toda asustada
quixo taparse enseguida
pegou un breque p’atrás
e caeu patas arriba.
6. –Lévete o diablo, Saturno
quen che botara na cara
un gran chorro d’auga quente
pra que a vista che cansara.
7. –Non t’ asustes, Leonor
porque as pernas che mirei
xa vexo qu’ as tes gordiñas
contigo me casarei.
8. –Pois, en cuanto ‘tea solteira
ben seguro podes ter
qu’as orellas ao conexo
non mas has volver a ver.
9. Non fagas eso, muller
non teñas corazón duro
aunque outro día non queiras
sácame hoxe deste apuro.
10. Marchou delí rosmeando:
–Xa non hai quen te convenza
día que nos casemos
heiche apretar á escomenza.
11. Ao fin, tres meses e un día
levaron de relación
mais ao cabo dese tempo
casaron sin municións.
12. Foi un gran día de voda
un gran día de placer
os dous, casados de novo
deitáronse’ ao oscurecer.
13. Ao empeza-la tarefa
dixo a rapaza asustada:
–Brinca despacio, Saturno
vamos a romper a cama!
14. –Non te asustes, Leonor
leva o demo dudas ben
a cama está ben segura
brinca algo tu tamén!
15. Alá, pola noite arriba
Saturno estaba cansado
quixo empezar a brincar
e xa non deu perdigado.
16. –Vaia por Dios – dixo ela –
xa non te manexas ben!
Quando hoxe estás cansado
que fará[s] pr’o mes que vén?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades